

IGUALDADE

CONCELLERÍA  
DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



EXPEDIENTE: 11694 / 224

TIPO EXPTE.: Procedemento aberto simplificado do contrato de servizos do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”

SOLICITANTE: Igualdade

## INFORME SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE E ORDE DE INICIO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “PROGRAMA DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR E SOCIAL COAS PERSOAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”.

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O obxecto deste contrato é a xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.

Este obxecto encádrase nas competencias que atribúe aos municipios a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.

O tipo de contrato, polo seu obxecto, sería un contrato de **servizos**, previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). A adxudicación realizaríase polo **procedemento aberto simplificado**, conforme o establecido no artigo 159 da LCSP, determinado porque a contía do valor estimado deste contrato de servizos (e as súas posibles prórrogas) será inferior a 100.000 €. O gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario no programa funcional da Concellería de Igualdade. A forma de tramitación sería a **ordinaria** con múltiples criterios de valoración.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP, este contrato tería un prazo de duración dun (1) ano, coa posibilidade de realizar como máximo dúas (2) prórrogas, cunha duración dun ano cada unha.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2023.

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA  
DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



O período de execución desexable sería desde o 28 de decembro de 2022 ata o 27 de decembro de 2023, tendo en conta que a última prórroga do vixente contrato do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”, adxudicado á entidade Fundación Aldaba, con CIF G82453606, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2021, finaliza o 27 de decembro de 2022.

**As necesidades a satisfacer pola Administración** coa presente contratación consisten na execución do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da Rede Municipal de Vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, coas que se interviría a través do perfil profesional de Educación Social na consecución dos seguintes obxectivos e tarefas: favorecer a normalización da unidade familiar e a superación dos efectos da violencia traballando na consecución dos obxectivos do proxecto individualizado de intervención social que lles permita a recuperación integral; reforzo dos recursos persoais da unidade familiar, as súas capacidades e habilidades; reforzo da autoestima, crecemento persoal e empoderamento; favorecer a integración, promoción e participación da unidade familiar en todos os ámbitos da vida comunitaria achegando os recursos comunitarios que ofrece o entorno, creando e ampliando unha rede social no entorno; desenvolver estilos de crianza positivos que favorezan a autonomía, modificar crenzas e actitudes asociadas aos roles de xénero; apoio na adquisición de habilidades sociais e apoio na xestión administrativa; organización e planificación das actividades cotiás, planificación doméstica e administración económica; ofrecer ás unidades familiares recursos e itinerarios socioeducativos e realizar un seguimento do proceso formativo-laboral; promoción de espazos de relación entre mulleres; acompañamento das persoas que integran a unidade familiar no seus procesos de recuperación; seguimento do itinerario educativo das/os menores; coordinación con outros recursos e servizos; emisión de informes; realización de actividades que promovan a coeducación, a igualdade, a interculturalidade, a cooperación, a asertividade e a resolución de conflitos; prever e atender situacións de vulnerabilidade ou risco social.

A Concellería de Igualdade non dispón actualmente de recursos humanos e materiais suficientes para a realización dos traballos que require a xestión deste servizo municipal específico de atención ás necesidades das vítimas de violencia de xénero descritas.

En base ao exposto e de conformidade co artigo 116.1 e D.A. 2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por Resolucións de Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, elévase á Concelleira-delegada de Igualdade a seguinte

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA  
DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Iniciar o expediente administrativo para a contratación da xestión do “Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero”.

En Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

## **RESOLUCIÓN**

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucions de Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 modificada polas Resolucions de datas 17 de agosto de 2020 e 16 de abril de 2021 sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021), **RESOLVO** de conformidade coa precedente proposta.

En Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada de Igualdade.- Eugenia D. Blanco Iglesias

Dou fe,

A secretaria da Administración Municipal .- Susana Gallardo Fariña